


Centro Público Integrado "Tomás Terrón Mendaña" *Sobradelo de Valdeorras*

REVISTA ESCOLAR

O NOSO ESCUDO

C.P. I. "TOMÁS TERRÓN MENDAÑA"



(OURENSE)

SOBRADELO DE VALDEORRAS

Este é o noso escudo.

Comenzamos a preparalo entre todos na clase de galego. Xurdiu a idea a raíz de que no xornal, «La Voz de Galicia», xa hai varios meses, sacaron unha páxina con tódolos escudos dos concellos de Valdeorras; e cal foi a nosa sorpresa ó ver que os dous concellos que abren e pechan o noso val non tiñan escudo de seu.

A profe de galego mandóunolo facer a todos. A verdade é que algúns estaban moi ben e era difícil elexir un.

Entón decidimos que se podía facer partindo das ideas de todos, e este foi o resultado.

Vai sobre unha base de pizarra dividida en tres cuarteis. No primeiro cuartel representamos os montes de Trevinca e o Teixadal, no segundo cuartel, sobre un campo en ouro, simboliza a nosa riqueza, está representado por rachóns de pizarra, o pico e a cuña. O terceiro cuartel é a ponte de Sobradelo cos seus sete arcos e os dous ríos que atravesan o concello: o Sil e o Casoio.

A cor azul do río Sil, e o fondo branco tamén, representan á bandeira galega.

Alumnos de 2º de E.S.O.

UN CURSO CON MOVIDA

Como en tódolos colexios, e este non fá ser menos, o curso comeza con mestres novos, alumnos novos, confiando que este vai ser mellor que os anteriores.

¡Claro que si! pero hai cousas que non cambian, son os alumnos de Infantil que non queren quedar na clase se non queda a súa mamá, seu irmán, amigo ou veciño; áinda que este ano a morriña durou menos tempo. As bágoas desapareceron na primeira semana gracias ós acougos de Dona Pepita e Don Manolo.

Xa metidos no curso, comezamos a organizar unha pequena festa para coloca-la placa co nome que hoxe ten o noso centro. A A.P.A. e o Claustro xuntaron esforzos e en pouco tempo estaba todo arranxado.

Queriamos que fose en pizarra (idea de Dna. Carmen Vega, presidenta da A.P.A.), e buscamos quen o ía facer.

Felipe Rodríguez ¿quen senón? Escultor do noso Concello, que traballa a pizarra con mimo e agarimo.

Chegou o 25 de Novembro. O Sr. Delegado de Educación, Dn. José Luís Muñoz a señora Inspectoría D^a. M^a. Esther Martínez Quintas, acompañáronnos en tan fermoso día, xunto coa persoa por quen o colexio leva o nome, D. Tomás Terrón Mendaña, ademais de pais, alumnos e profesores.

O novo "profe" de Relixión, D. Juan José, bendeciuna. Xa rematada a ceremonia, houbo pinchos e comida. Para os maiores pinchos, para nós (todo o colexio), comida especial.

E continuamos coa andaina.

A finais do 1º trimestre, os alumnos/as de todo o colexio actuamos, cantamos e bailamos na festa de Nadal.

Xa de volta das vacacións celebramos o 30 de xaneiro, o día da Paz, os alumnos tiñamos unha pomba pintada no patio feita polos profesores, no interior dela, asinamos todos menos unha alumna de 2º da E.S.O. porque tiña minifalda.

No mes de Febreiro chegou o Entroido, os disfraces non podían ser más disparatados. Algún alumno asegurou que fora moi aburrido porque non

había xente para vernos, pois nos disfrazamos todos.

No mes de Marzoadicámonos a estudiar porque se nos adicamos ás conmemoracións que houbo, non fariamos outra cousa. A verdade é que é un mes moi cargado de celebracións.

En Abril o máis divertido foron as vacacións e a festa de Sobradelo, xa que tivemos un día sen colexio.

Tamén en Abril, os alumnos de 1º de E.S.O

vianxaron a Gandarío no proxecto da Xunta «Imos ó mar», e o máis sorprendente foi o comezo da obra do novo colexio para os alumnos de E. S. O. e remodelación do vello.

Xa en Maio os alumnos de primaria foron ó cine A Rúa.

A nós, alumnos de 2º de E.S.O. non nos levaron pero iremos tres días, 12, 13 e 14 deste mes ás Rías Baixas con visitas a Santiago e A Coruña.

Aforramos todos un pouco polo curso, e un pouco que apañou D. Joaquín polas empresas de pizarra e da A.P.A. e conseguimos que o prezo fora máis barato.

Os alumnos de 5º e 6º do programa de portugués irán a Braga outros tres días 25, 26 e 27.

Tamén viaxarán os de Infantil que farán unha longa viaxe ata O Bolo para facer unha xuntanza con tódolos rapaces do seu ciclo. Mágoa de non poder velos por un buraco.

Agora estamos traballando para o xornal do Colexio e queremos deixalo preparado para ir sen preocupacións á viaxe de estudos.

Xa para rematar non nos imos despedir, senón darrle-la benvida ós novos compañeiros de Casaio e Quereño que o próximo curso estarán connosco.

¡¡¡Benvidos a todos e a todas!!!

Isto dicímolo de corazón e ¡¡¡ a berroooos!!!

Alumnos de 2º E.S.O.



O Curruncho de Primeiro

O NENO QUE SE PERDEU NO MONTE


Era unha vez un neno que non tira díñeiro e foi para o monte e perdiuse. De punto apareceu un enorme xigante e díolle:

-¿e que fas aquí? Non ves que este é o mundo dos xigantes e son moi perigosos.


Ali había unha pedra márica e da pedra saiu o rei león que lle dixo:

-Márchate para a tua casa.

1º de Primaria



LEMBRANZAS DO ENTROIDO



Profesores e alumnos participamos na festa do Entroido. A nosa clase de 4º de Primaria disfrazámonos de vellos e vellas, e o noso profesor Alfredo e outros dos profesores más formaron unha charanga chamada "Os Salvaxes de Candís" e foron tocando e cantando por todo o colexio. O seu disfraz era de paíasos.

E lembro...

Tamén queremos lembrarnos do trozo de patio que xa non volveremos a pisar máis, pois nel están construíndo un edificio para 1º, 2º, 3º e 4º da E.S.O. Agora dóllellas gracias ós nosos profesores e ós nosos pais que arrimaron o lombo para que nós puideramos mellorar na nosa educación e non ter que desprazarnos do noso Concello. Gracias a todos os que o fixeron posible.

Carmen, María e Érica, 4º




ESCRIBIMOS EN PORTUGUES

O CALDO DE PEDRA

Era uma vez um velho sacerdote e pobre, chamou a uma porta e pediu que lhe dessem alguma coisa, bateu a outra e não lhe dão nada, mas pede a um homem que lhe empreste um pote com água para fazer um caldo de pedra, o homem não pode dizer-lhe que não.

Quando já estava ao pé do lume com o pote, com água no lume botou-lhe uma pedra, pediu a ver se lhe podia dar umas areias de sal, a mulher foi logo por ele, disse



ele se podía trazer um bocado de toucinho para lhe dar gosto, a mulher deu-lhe o toucinho, más logo pediu-lhe uma couve, a mulher foi á horta por ela; o sacerdote botou a couve, também lhe pediu uma cebola, e uma batata e botou-os no caldo.

O caldo lá cozeu, o sacerdote comeu o caldo e a pedra ficou no fundo do pote, o homem e a mulher perguntaron-lhe: E a pedra? A pedra fica para outra vez. O velho comeu um caldo bem bom e guardou a pedra. Saiu todo contente e com a pança bem cheia.

Alumnos de 6º

A LEBRE E A TARTARUGA

Era uma vez uma corrida de uma tartaruga e uma lebre.

Deram o sinal de partida. A lebre começou a correr como uma bala e a tartaruga ficou dando voltas.

A lebre ia muito adiantada pôs-se a dormir um sesta. A tartaruga adiantou-a e a lebre correu até tomar a adiantar-la.

A lebre encontrou quatro lindas coelhinhas e ficou com elas a presumir da sua rapidez.

A tartaruga seguiu o seu caminho e já estava perto da meta.

Como todos gritavam a lebre começou a correr, mas não chegou a tempo. Ganhou a corrida a tartaruga.

Olalla, 5º

Encontra nesta sopa de letras 10 cidades portuguesas

H	I	R	C	T	U	L	P	C	J	O
B	H	O	S	N	I	G	J	I	A	
R	S	I	C	O	S	M	A	B	V	
A	I	M	B	T	B	A	E	H	I	
G	O	B	L	R	O	J	A	H	S	
A	R	R	A	O	A	D	U	Z	E	
N	A	A	O	P	T	G	U	E	U	
C	F	S	E	V	O	R	A	F	C	
A	T	E	D	O	C	S	L	B	U	
X	Z	V	F	C	H	A	V	E	S	

Olalla, 5º

HISTORIA DA NOSA LINGUA

O nacemento

Era unha vez unha terra que Gallaecia era chamada, onde había moitas tribos nunha idade antepasada.

Chegaron despois de Roma xentes ben organizadas, que gañaron esta terra polas armas esforzadas.

Falaban estes romanos a ilustre lingua latina e ó cabo de pouco tempo Galicia por súa tiña.

ÁLVARO E ANTONIO

Falan en lingua galega reis, labregos e señores, e os abades dos mosteiro e os soldados e doutores.

Historias de cabaleiros e milagres de Santiago en galego se contaban, as fazañas dos troianos.

E ordenanzas se escribían e crónicas e tratados e os acordos dos concellos en galego eran labrados.

JONATHAN E PABLO

O primeiro esmorecemento

Mais despois tempos viñeron que Galicia esmorecía, porque bobres e señores cometeron felonía.

Galicia foi sometida polo xugo de Castela, e os que mandan en Galicia non falan da lingua dela.

Pero as xentes desta terra, columna do noso pobo, non deixan de ser galegos nin falan idioma novo.

LILIANA E ÁNGELA

O Prerexurdimento

Ó principio do oitocentos toda Galicia falaba na lingua dos devanceiros e ninguén se avergonzaba.

Pero en seguida empezaron as xentes acomodadas a pensar que eran más finas as palabras importadas.

Pero había peitos nobres que pensaban doutro modo, e anque en Carral os mataron nunca os mataron de todo.

NOELIA E SUSANA

O Rexurdimento

Rosalía a gran poeta
recobrou a dignidade
da lingua que todo o pobo
gardara na adversidade.

Don Manuel Curros Enríquez
palabra de aceiro fino,
cantou a luz e o progreso
neste idioma campesiño.

Lingua de ouro nos facía
Pondal o bardo do pobo
cantando os fastos antigos
e un futuro libre e novo.

VANESA E MARTA

O segundo esplendor

Entusiastas estudiosos
a gramática estudiaban,
recollían as palabras
e pulían e ordenaban.

Castelao e Vilar Ponte
Bóveda, Otero Pedrayo,
¡Que gran xente aquela xente,
que explendor extraordinario!

No trinta e seis o Estatuto
fixo un pouco de xustiza
recoñecendo o galego
como lingua de Galicia.

JORGE E SANTIAGO

O segundo esmorecemento

O segundo Rexurdimento

Pero a guerra fraticida
desfixo toda a esperanza
e a vida de moita xente
de imborrable relembranza.

Foron anos de silencio,
de persecución e pranto:
A longa noite de pedra
enchía os peitos de espanto.

Novos poetas cantaron,
contaron os narradores,
e a longa noite de pedra
clareaba cos fulgores.

BRUNO D., AMADOR E BRUNO R.

A NOSA TERRA

MILLADÓRIO
de Luis González
LA GRAN MAGAÑA

Entra a lingua nas escolas
e se inda non é señora
ten dereitos proclamados,
anque ten más a de fóra.

Inda hai pais que son contrarios
a que a aprendan os seus fillos
sexá por que eles o pensan
ou que os movan catro pillos.


"O galego que non fala
na lingua da súa terra,
nin sabe o que ten de seu,
nin é merecente dela".

A PROFE

CALINAS


A páxina de Infantil

Aquí estamos todos nas festas de Sobradelo




Alumnos/as de Infantil

O soldadinho de chumbo




E MÁIS CONTOS


Garavancínio




A lebre e o ourizo



Brancaneves e os sete ananíños




Garavancínio




AS PÁXINAS...


JRECOÑCEDES NOS? 2º E. PRIMARIA




David R.




Sandra




Edir




Santi




Adri




Carlos




Diego



Kiko




Samuel





Fran

David N.


Jeni



Marcos



Michael




Sara


... DE 2º DE PRIMARIA

OS XORNALISTAS DE 2º


Empezaron as obras para facer máis grande o noso colexió. ¡Forán un ximnasiooo...??




Están arreglando a carretera de Casao...
¡Xa era hora!



Un moto do Trigal peleou con outros. Tiveron que vir 8 policías para collalo.



Estamos preparando unha obra de teatro para o día dos Letros Galegos. Estamos feitos uns animais!



O 29 de Abril fumos ó cine á híla.

Funando moi ben e esperando que nos volvan a levar pronto de excusións para buscar a Curro!



UNHA MAÑÁ NO CINE

Hai uns días fomos ver unha película ó novo cine de A RÚA.

Ata hai pouco o cine estaba moi vello, pero agora foi remodelado. A sala é de categoría, o seu son, dixital ¡é magnífico!, ten 20 altavoces, 15 nas paredes e 5 detrás da pantalla. A pantalla é enorme; é a 2^a ou 3^a más grande de Galicia. Tamén ten unhas lúas impresionantes e os seus asentos son comodísimos, os baños..., de luxo.

¡Ah! esquecíasenos dicir que na parte posterior, no primeiro piso, está o "galiñeiro".

Cando xa estabamos sentados o Sr. Alcalde saudounos a todos e díxonos o título da película e de que trataba: titulábase «Borrowers». Eran seres diminutos que vivían debaixo do chan da casa dunha familia, estes seres diminutos axudaron á familia a que non derrubasen a casa, e o neno dessa familia axudou ós seres a que non os matasen.

O que máis nos chamou a atención foron os nenos e nenas de 2º de primaria que estaban a correr facendo moito barullo polos pasillos do cine e impedíronos ve-la película tranquilamente.

No medio do cine había unha pasarela onde dentro duns días ian presentar un desfile de moda para o verán.

Agradecemoslle ó Sr. Alcalde de A Rúa a oportunidade que nos deu e a amabilidade con que nos recibiu e pedímoslle ós profesores que o vindeiro curso volvamos repetir a mesma experiencia.

Alumnas/os de 5º.



¡QUE MEDOI!

Está foi a nosa expresión cando nos dixeron que os rapaces de 5º e 6º, xunto cos nosos tutores, íamos ver unha exposición de tarántulas á Casa Grande de Viloiria; por outro lado picábanos a curiosidade.

Isto ocorreu no mes de Xaneiro e agora queremos contárvolo.

Nada máis chegar vimos dúas salas con furnas nas que había un ou doux animais da mesma especie; ó lado de cada furna había un texto onde se podía ler todo o relacionado coas tarántulas que estaban dentro das furnas: o país de onde eran orixinais, a alimentación, o desenvolvemento, a reproducción...


Despois de velas, puxéronos un vídeo sobre a súa vida.

Logo pasamos a outra sala onde repetimos o mesmo proceso.

Ó rematar déronos a cada un un folleto informativo e posters.

En fin, foi unha experiencia nova, aínda que desagradable ó principio.

Alumnas/os de 5º curso.



Currunchos dos poetas

MI AMADA

**Dulce es tu mirada
tu sonrisa dulce es,
dulces serán tus palabras
cuando a mi lado estés.**

**Suave como una caricia
bella como una flor,
es mi amada la más dulce
a quien doy mi corazón.**

Eider, 6º

TE MANDO MI CORAZÓN

**Te mando mi corazón
metido entre papeles,
para que juegues con él
ya que conmigo no puedes.**

**Del árbol nace la rama
de la rama nace la flor,
dime tú querida amiga
¿de donde nace el amor?**

**Nace una esperanza
viene una ilusión,
se alimenta de besos
y muere de una traición.**

Jana, 6º

¡POR QUÉ NON A PAZ?

Viva a paz,
fóra o terrorismo,
os pobos en libertad
desterro ó egoísmo.


Os pobos solidarios,
as xentes con ilusión,
son mensaxes diarias
que envolven á nosa nación.

Nin bombas, nin armamentos,
nin mortes, nin atentados.
¡A PAZ! xurde con sentimento
nos corazóns calados

Que pouco caso facemos
ás conmemoracións anuais,
e pouca estima lle temos
ós sentimentos dos demás.

Rubén, 2º de E.S.O.

O CAN NO NÓ



HABÍA un can chamado

Noné. Un día puxose triste

e morreu. E eu chorei por el.

Alumnas/os de 1º

LETRAS...

TRES ERAN TRES...

Tres eran tres,
os poetas do mar de Vigo.
Tres, eran tres,
Martín Códax, Xoán de Cangas e Mendiño.

Así prodiamos comezar, unha cantiga para falar destes trovadores que nos fan retroceder ós comenzaos da nosa lingua.

Todas son suposicións no relativo á súa biografía. Isto é un breve resumo co que pretendemos amosar os comezaos da nosa lingua.

Martín Códax crese que naceu en Vigo, e podemos situálos entre os reinados de Sancho II de Portugal (1223-1243) e Fernando III de León e Castela (1217-1252).

É o único autor da escola galego-portuguesa do que conservamos a notación musical de seis das sete cantigas que coñecemos.

Sobresaes polas súas composicións mariñas ou barcalouras. É o cantor das ondas do mar de Vigo.

Nas súas composicións a natureza aparece humanizada sendo o mar un elemento simbólico que lle serve ao poeta para transmitir os seus sentimientos e o seu estado de ánimo.

Esta é unha das cantigas que conservamos.

Ondas do mar de Vigo,
se vistes meu amigo?
E ay' Deus se verrá cedo;

Ondas do mar levado,
se vistes meu amado
E ay' Deus se verrá cedo;

Se vistes meu amigo,
o por que eu sospiro?
E ay' Deus se verrá cedo;

Se vistes meu amado
por que ei gran coidado?
E ay' Deus se verrá cedo;

Xoán de Cangas: Pouco sabemos deste poeta do que cremos viviu polo século XIII e que, polo seu alcume e as referencias que fai a unha ermida existente na parroquia de Beluso, debía ser natural de Cangas do Morrazo. Algunhas estudiosas pensan que era xograr por figurar despois do seu nome o lugar de nacemento e ningún apelido.

Non conservamos deste poeta más que tres composicións.

Como en tódalas cantigas de amigo, fala unha muller enamorada que se doe da ausencia do amado e lle pide un encontro na ermida de San Mamede, mais advertíndolle que hoxe non a engane.

Amigo, se mi gran ben queredes
id'a San Mamed'e veer- m'edes:
oje non mi mençades, amigo.

Pois mi aqui ren non podedes dizer,
id'u ajades comigo lezer:
oje non mi mençades, amigo.

Serei vosqu'en San Mamede do Mar,
na ermida, se mi-o Deus aguisar:
oje non mi mençades, amigo.



GALEGAS 98



Eu atendendo meu amigo.....

Cristian e David M., 2º E.S.O.

Mendiño: Deste poeta non conservamos máis que unha composición, e de tal delicadeza e frescura, que podemos consideralo como un dos grandes autores líricos da nosa literatura.

Viviu na metade do século XIII, e naceu nun punto da ría de Vigo.

Recollemo-la cantiga 438 do Cancioneiro da Vaticana, que posta en boca dunha muller enamorada, agarda ó seu amigo á beira do mar. As ondas do mar crecen, ó tempo que crece o desacougo da moza pola ausencia do amigo.

**Sedia-m'eu na ermida de San Simion,
e cercaron-mi as ondas que grandes son:
eu atendendo meu amigo,
*eu atendendo meu amigo***

**Estando na ermida ant'o altar,
cercaron-mi as ondas grandes do mar
eu atendendo meu amigo,
*eu atendendo meu amigo***

**Ecercaron-mi as ondas que grandes son,
non ei [i] barqueiro, nen remador:
eu atendendo meu amigo,
*eu atendendo meu amigo***

**E cercaron-mi as ondas do alto mar
non ei [i] barqueiro nen sei remar:
eu atendendo meu amigo,
*eu atendendo meu amigo***

**Non ei [i] barqueiro nen remador
morrerei fremosa no mar maior:
eu atendendo meu amigo,
*eu atendendo meu amigo***

**Non ei [i] barqueiro nen sei remar
morrerei fremosa no alto mar:
eu atendendo meu amigo,
*eu atendendo meu amigo.***

COMPOÑEMOS EN CASTELÁN E INGLÉS

Playtimes lose
through the fault of Alfonso
so we have got
Alfonso until the cap.

We want to go out
Alfonso doesn't want this
so he starts laughing
and then he takes us exercises.

Alfonso! we want to go out
leave us alone
forget me
and give me freedom.



Recreos perdemos
por culpa de Alfonso
por eso estamos
de Alfonso hasta el gorro.

Queremos salir
Alfonso no quiere
por eso se echa a reír
y luego nos pone deberes.

¡Alfonso! queremos salir
dejanos en paz
olvídame de mi
y dame la libertad.

Fuiste tú

Fuiste tú,
el que me has hecho sufrir,
el que me negó su amor
y se rió de mí.

Me pides perdón
con mi mente digo no
pero si con, mi corazón
lo hago y ¿no sé porque?



Were you
that me have made suffer
that me refuse your love
and you laugh about me.

You ask for forgiveness
with my mind, I say not
but I say yes. With my heart
I do this and I don't know why?

¿Que será eso que siento?
¿Que será a lo que nunca digo no?
sea, lo que sea
yo le quiero y nunca le diré no.



What is this that I feel?
What is it that I never say not?
it's anybody's guess
I love him and I never say not.

SOPAS...

Busca nesta sopa de letras os nomes de fabricantes de roupa deportiva.

NIKE KELME

LOTTO PUMA

AVIA UMBRO

NASA ADIDAS

KAPPA REEBOK

Noemí e César, 6º

N	P	O	E	A	B	P	N	V	P	N	V
Z	I	W	P	S	C	U	O	W	I	A	T
F	K	K	O	Q	D	H	P	X	R	S	S
G	P	E	E	I	E	A	V	I	A	A	E
A	R	L	O	T	T	O	R	S	R	N	B
J	M	H	S	L	F	N	A	Y	E	M	N
I	O	E	W	K	G	D	S	Z	E	H	C
L	S	C	H	H	I	H	U	M	B	R	O
P	I	S	R	D	J	L	T	X	O	K	R
S	S	K	A	P	P	A	U	H	K	S	T

MOITAS SOPAS

E	C	N	A	R	F	Y	P	E	G
G	N	A	N	E	R	F	O	E	R
N	E	G	W	E	M	O	R	F	U
I	T	A	L	Y	R	M	T	R	E
A	L	Y	O	A	A	D	W	E	N
P	W	M	Y	N	N	Y	G	N	G
A	N	T	I	N	I	D	A	C	L
R	A	A	L	I	T	A	C	H	I
I	P	S	P	A	N	I	S	H	S
S	N	O	B	S	I	L	P	O	H

Busca nesta sopa de letras os seguintes nomes

ENGLAND FRANCE GERMAN

PORTUGAL ITALY SPAIN

PARIS FRENCH ROME

ENGLISH SPANISH LISBON

Bea Torres Gavela, 6º

SE QUERES ESTAR Ó DÍA
PON UN XORNAL
NA TÚA VIDA



ADIVIÑAS E... ADIVINANZAS

Dous irmáns son:
un ia a misa
pero o outro non
¿Quen son?

Vivo tinto e vivo branco



Teño forma de balón
dun deporte moi inglés,
teño aromático olor
son mui rico de comer.
¿Quen son? O melón

Sodes de color chocolate,
vos poñedes brandas coa calor
e se vos meten no forno
estoupades con gran furor.
¿Quen son?

As Castañas

Fui a la plaza
y las compré bellas
llegué a mi casa
y lloré con ellas.
¿Quiénes son?

Las cebollas

A veces blanquita,
a veces negrita,
y siempre bolita.
¿Quién es?

A uva

Cartas van, cartas vienen,
vienen del mar
y no se detienen.
¿Quiénes son?

Las nubes



Ana Isabel e Alba, 6º

¿QUEN É O CULPABLE?

Hai bastantes días, dende as ventás da nosa clase vemos unha intensa fumareda e percibimos un cheiro a fume bastante desgradable.

Despois de observar decatámonos que procede do basureiro que está preto do noso colexio.

Pedímoslle ás autoridades do concello que tomen medidas para que leven o lixo a un lugar onde non haxa xente e así poidamos respirar aire puro.

E nós preguntámonos:

¿Por que os maiores nos castigan cando botamos lixo no chan, e logo eles o botan onde lles peta? ¿É que hai que ser maior para bota-lo lixo onde un queira?

¿Quen castiga os maiores?

Alumnas/os, 5º

¿ONDE PODEMOS XOGAR?


Señoras e señores, nós, os nenos, xoguemos onde xoguemos, sempre nos están reñendo; se xogamos no parque, non nos deixan porque rompemos las roseiras. Se xogamos no Malecón, por unha banda pegamos contra as portas e podemos romper-los cristais, por outra porque ensuciamos las paredes. En fin, entre os veciños e a autoridade non nos deixan dar unhas patadiñas ó saír de clase.

Xa non recordo cando xoguei no pobo un partido sen que viñese alguén a berrarme.

Mándannos a xogar a Candís, ó patio do colexio; nós encantados, pero iso queda para a fin de semana, que non temos presa, pero pola semana fáisenos moi lonxe; entre ir e vir tardamos polo menos corenta minutos, e cando é inverno xa se nos fai de noite de seguida.

Por iso xa nos gustaría que alguén se preocupase por nós, e dunha vez nos fixeran un pequeno campo para dar catro patadiñas. Creo que dixaríamos de facer otras cousas polas que nos critican tanto.

Mario, 2º de E.S.O.



Este é o aspecto do basureiro. O noso colexio está ó outro lado da montaña.

CHISTES

¿Sabes que lle di un water a outro?
Non nos quitan o ollo de encima.



¿Sabes cal é o campo más grande do mundo?
O do Real Madrid.
Por que dun lado non se chega a ver a portería.

Isto era un home tan pequenijo, tan pequenijo que para baixar da acera necesitaba paracaídas.

¿SABES POR QUE NON DEIXAN ENTRAR Á MULLER DE VANGAL NUN CAMPO DE FÚTBOL?
POR QUE IGUAL TIRA "BANGALAS".

**¿Sabes en que se parecen os xogadores do Barcelona a un Belén?
En que os dous son pezas e non se moven.**

Milton e Víctor, 6º

I R O S A

32337 - EL TRIGAL
-SOBRADELO DE VALDEORRAS-OURENSE-ESPAÑA

Tlf.- (988) 33.55.77

Fax.- (988) 33.55.33

¡VAIA COAS HUMANIDADES!

Moita iveria se traen os medios de comunicación coa "historia" das Humanidades. Que se non se debe estudiar só a historia da comunidade autónoma, que se os rapaces non sabemos quen foi Isabel de Farnesio nin Godoy. En fin, teñen un "trae e leva" entre a Ministra e os Conselleiros de Educación das comunidades autónomas, que non hai quen os entenda.

Pois miren, nós sabemos quen foi Pardo de Cela, Martín Códax e Xoán de Cangas, pero tamén coñecemos (que non sabemos de memoria) e sabemos onde buscar a lista dos Reis Godos.

¡Vai polas HUMANIDADES!

REIS VISIGODOS EN ESPAÑA

Con Ataulfo entraron en España os visigodos alá polo ano 410. Expulsaron ós suevos e vándalos e destruíron ós alanos. Toledo foi a cidade elexida para capital.

Ataulfo.- Foi rei desde o 410 ó 415. Casou con Gala Placidia. Sucedeu a Alarico I.

Sigerico.- Apoderouse do trono, pero foi asasinado ós sete días.

Walia.- Sucesor de Sigerico, foi rei desde o 415 ó 419.

Teodoredo.- O seu reinado foi do 419 ó 451 (chamado Teodorico I)

Turismundo.- Fillo de Teodoredo. Reinou do 451 ó 453.

Teodorico.- Fillo de Teodoredo, asasinou ó seu irmán Turismundo. Reinou do 453 ó 466.

Eurico.- Asasinou ó seu irmán Teodorico e subiu ó trono. Reinou do 466 al 484.

Alarico II.- Reinou do 484 ó 507. Foi vencido e morto por Clodoveo, rei dos francos.

Gesaleico.- Era fillo natural de Alarico II. Reinou do 507 ó 511.

Amalarico.- Sucedeu ó seu pai Alarico II; na súa minoría reinou Gesilao. Reinou do 511 ó 531.

Teudis.- Reinou do 531 ó 548; crese que morreu asasinado.

Teudiselo.- Sucedeu a Teudis. Reinou do 548 ó 549. Morreu asasinado.

Agila.- Reinou do 549 ó 554. Morreu a mans dos seus partidarios.

Atanagildo.- Disputoulle o reino a Agila.

Estableceu a corte en Toledo. Reinou do 554 ó 567.

Leovigildo e Liuva.- Reinaron do 567 ó 572. (Hispania Citerior e Septimania).

Leovigildo.- Proclamado sucesor de Liuva, reinou do 573 ó 586.

Recaredo I.- Convocou o III Concilio de Toledo. Reinou del 586 ó 601.

Liuva II.- Hijo bastardo de Recaredo, reinou do 601 ó 603.

Viterico.- Ordenou matar a Liuva II, reinou do 603 ó 609. Murreu asasinado.

Gundemaro.- Sucedu a Viterico; reuniu un concilio. Reinou do 609 ó 612.

Sisebuto.- Crese que morreu envenenado. Reinou do 612 ó 621.

Recaredo II.- Fillo de Sisebuto a quen sucediu. Reinou uns meses do ano 621.

Suintila.- Elexido rei á morte de Recaredo II, reinou do 62 ó 631.

Sisenando.- Derrocou a Suintila. Reinou do 631 ó 636.

Chintila.- Á morte de Sisenando foi elexido rei. Reinou do 636 ó 639.

Tulga.- Sucediu ó seu pai Chintila. Reinou do 639 ó 642.

Chindasvinto.- Destronou a Tulga e reinou do 642 ó 649.

Chindasvinto e Recesvinto.- Pai e fillo reinaron xuntos desde o 649 ó 653.

Recesvinto.- Á morte do seu pai reinou do 653 ó 672.

Wamba.- Foi o sucesor de Recesvinto. Reino do 672 ó 680.

Ervigio.- Fillo dunha sobriña de Chindasvinto, destronou a Wamba. Reinou do 680 ó 687.

Egica.- Casado con Cicilona, filla de Ervigio. Reinou do 687 ó 701.

Vitiza.- Foi fillo e sucesor de Egica. Reinou do 701 ó 709.

Rodrigo.- Foi o último rei dos godos. Reinou do 709 ó 711.



TRABALLO INFANTIL, ¿ATA CANDO?

UNHA MANEIRA... DE AXUDAR

Cada día estamos vendo nos xornais, é moito menor. revistas e televisión o que lles acontece ós nenos doutros lugares. Desde moi pequenos teñen que ir traballar, pois nas súas familias non hai nin para comer.

Nós canto más temos, más queremos ter. Permitímono-lo luxo de tirar todo aquello que non nos vale, pasou de moda ou non nos gusta. Para consegui-lo que queremos axudamos un pouco na casa (algúns nin eso), imos á horta, ós recados, e moitas veces "facemos que facemos".

Hai que recoñecer que o noso traballo




E eu me pregunto, ¿Por que tanta campaña contra a explotación infantil, cando os gobiernos consinten en mercar produtos a empresas multinacionais que trafican co traballo dos rapaces?

Vixiade onde están feitos moitos xoguetes, roupa deportiva, aparellos de música, e logo saberedes quen os fixo. Tede por seguro que nas nosas fábricas non; o seu coste sería moi elevado para os nosos petos.

Noelia, 1º de E.S.O.

EXPLORAR OS MÁIS INDEFENSOS



En España houbo manifestacións por mor da explotación infantil.

Algunhas das empresas más importantes de Europa e América levan as súas fábricas a países máis pobres e aproveítanse do traballo infantil, que debe ser dos máis rendables: traballan moito e cobran pouco.

Se sabe que moitas destas fábricas producen material deportivo.

Non nos gusta a idea de que os rapaces sexan explotados pero, ¿quen lle lle vai face-lo boicot?

Álvaro, 1º de E.S.O.

IMOS Ó MAR

O pasado día 15 de Abril, os meus compañeiros e mais eu erguémonos moi cedo para face-la viaxe a Gandarío.

A viaxe debeunos levar moito tempo, polo menos a min mo pareceu. Cando por fin chegamos, explicaronnos-las normas, distribuíronnos por pavillóns, e fomos comer.

Unha vez ben acomodados e ben comidos, leváronnos a ver videos de bioloxía mariña. Cando rematamos, xuntáronnos para colle-lo bocadillo e cada un foi comelo onde quixo. Eu aproveitei o memento para coñecer ás rapazas que ían dormir no meu pavillón. Máis tarde fomos xogar ó campo de fútbol e tivemos tempo libre que aproveitei para coñecer ben o recinto e estar coas miñas novas compañeiras.

Pronto chegou a hora da cea; despois da cea fixemos moitos xogos, por certo ben divertidos.

Como estabamos cansos e un pouco sudorosos de tanto xogar marchamos a ducharnos e xa a durmir.

Noelia durmía na miña liteira, por debaixo de min, eu fun para onde ela e puxémonos a comer "chucherías", logo todas comezamos a falar das nosas cousas e a xogar ás cartas.

Ó día seguinte, cando nos levantamos, fixemo-las camas, vestímonos e marchamos a almorzar.

Despois fomos en grupos á praia, fixemos moitas preguntas e explicáronnolo todo. Ó rematar xa nos esperaba a comida. Pola tarde foi todo igual có día anterior, só que con actividades distintas, pola noite xa se nos acabaran as "chucherías", e adicámonos a falar ata ben tarde.

Chegou, para nosa desgracia, o terceiro día. Levantarnos, vestirnos e almorzar. Logo fixémo-la equipaxe e dobramo-las mantas da cama.

Despedímonos con tristeza de tódolos rapaces e rapazas.

A viaxe de volta pareceu-me moito más longa. Paramos nun parque a comer e en Lugo fomos a un área comercial para mercar agasallos.

Como resume direi que foi unha viaxe que me gustaría repetir.

Susana, 1º de E.S.O.

DEPORTE ESCOLAR

O deporte escolar tivo moi bos comezos.

No primeiro trimestre fixemo-lo campionato comarcal de campo a través, tamto masculino como feminino.

Por parte masculina obtivemos medallas en Categoría Infantil: Roberto Prieto (1º de E.S.O.), David Rodríguez López (2º de E.S.O.) e na Categoría Alevín Fernando del Palacio (4º de Primaria), Marcos Herrero (5º de Primaria) e David Arias (6º de Primaria).

Pola parte feminina só ganamos unha medalla que a conseguiu Yolanda de 2º de E.S.O.

Logo, os que pasaron a primeira proba foron á Rúa, Trives e a final en Ourense para o campionato provincial. A verdade é que este ano as cousas non nos saíron moi ben.

En canto ó fútbol e ó baloncesto, fixémo-la primeira saída a Casaio. As rapazas perderon en baloncesto, pois as contrarias tiñan "unha gran forza física". Os rapaces grandes tamén perderon, só os pequenos conseguiron gañar.


Despois recibimos os xogadores do Colexio de Vilamartín. A verdade é que tódolos equipos do noso colextio fixeron unha boa faena, aínda así quedamos desclasificados por perder contra Casaio. ¡Tiñades que ver a cara que nos quedou!

Ben, pois isto foi todo sobre o Deporte Escolar, pero Chus, a profe de Ximnasia, está moi orgullosa de todos nós.

Alumnas/os de 2º de E.S.O.

**SE QUERES TER
UNHA VIDA SANA
TOMA LEITE DA**

ASTURIANA




ANO INTERNACIONAL DOS OCÉANOS

Este artigo non pretende ser máis ca un recoñecemento ó pís veciño, pola iniciativa de declarar o ano 1998 como Ano Internacional dos Océanos.

Transcribimos fielmente parte do capítulo 17 do documento saído da Conferencia das Nacións Unidas sobre Ambiente e Desenvolvimento.

Nascida de uma iniciativa portuguesa, a proposta de declaración de 1998 como Ano Internacional dos Oceanos foi aprovada pela primeira vez pela 17ª sessão da Comissão Oceanográfica Intergovernamental (COI), em Fevereiro de 1993. Aprovada depois pela Conferência Geral da Unesco (em Novembro de 1993) e pelo plenário do Conselho Económico e Social das Nações Unidas (em Julho de 1994), a proposta acabou por ser subscrita por 110 países e definitivamente adoptada em Dezembro de 1994, na sessão plenária da Assembleia Geral das Nações Unidas.

Se algún de vostedes quere saber de verdade a importancia dos océanos, non deixe de asistir á Expo 98 de Lisboa, aberta dende Maio ata Setembro.



El río Guadalquivir
va entre naranjos y olivos.
Los dos ríos de Granada
bajan de la nieve al trigo
¡Ay amor,
que se fue por el aire!

CENTENARIO DE GARCÍA LORCA

O ano 1898 supuxo para España a perda total daquel **Imperio onde non se poña o sol**, pero tamén foi o ano do nacemento do gran poeta Federico García Lorca.

Naceu en Fuente Vaqueros (Granada) en 1898. Fillo dunha familia acomodada, estudiou Dereito e Filosofía e Letras nas Universidades de Granada e Madrid.

En Madrid asenta definitivamente, aínda que pasa grandes estadías na súa querida Granada.

Na Residencia de Estudiantes ten ocasión de coñecer os máis finos inxenios das nosas letras.

A súa simpatía persoal l'vao a coñecer a Dalí (do que foi gran amigo), Eduardo Marquina (seu primeiro mentor literario), Martínez Sierra e Juan Ramón Jiménez.

A guerra sorprénde en Granada e cae vítima dos primeiros momentos da confusión.

Como escritor destaca esencialmente como poeta e autor teatral.

Súas son as composicións poéticas *Romancero gitano*, *Llanto por Ignacio Sánchez Mejías*, *Seis poemas galegos*, e unha chea delas máis.

En teatro destacan *Mariana Pineda*, *Yerma*, *La zapatera prodigiosa*, *La casa de Bernarda Alba*...

Dámaso Alonso dicía del que exercía unha atracción irresistible en cantos o trataban; e todos aqueles que o coñeceron e escribiron sobre el estaban conformes en que, xunto coa súa innegable "gracia" poética, era a simpatía persoal a súa nota máis acusada.

Transcribimos un anaco da *Baladilla de los tres ríos*, poema que forma parte da obra *Poema de Cante Jondo*, dun profundo sabor popular.

El río Guadalquivir
tiene las barbas granates.
Los dos ríos de Granada,
uno llanto y otro sangre
¡Ay amor,
que se fue por el aire!